



PLAN DE ACOLLIDA

Índice

CONTEXTUALIZACIÓN.....	2
NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.....	3
ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.	6
ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.	9
ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.....	11



CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo as Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás Instrucións citadas o Programa de Acollida Covid 19 do CEIP de Refoxos que se publicará na páxina web:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipderefoxos/>

para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 10 de setembro.



NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

Dinámicas dos grupos de convivencia estable:

“Grupo A” (Infantil , 1ºEP e 2ºEP)

Entrada:

Polo patio cuberto, que contará cunhas marcas no chan que servirán de referencia ao alumnado para manter a distancia de seguridade:

- O titor de 1ºEP-2ºEP tomaralles a temperatura conforme vaian entrando e a dirección iralles botando xel nas mans.
- O alumnado de infantil entrará entón directamente á súa aula onde será recibido pola súa titora.
- O alumnado de 1ºEP-2ºEP agardará na súa marca e unha vez rematado o proceso subirá á súa aula acompañado polo seu titor cando todo o alumnado do “Grupo B” se atope xa nas aulas.

En caso de que algunha crianza teña febre será trasladada a aula de illamento. Cando todo alumnado teña abandonado o patio a dirección iniciará o procedemento de illamento, comunicación e rexistro do caso no Caderno COVID.

Aseos:

Planta Baixa.

Recreo:

De 10:45h a 11:15h saíndo e entrando pola porta pequena do patio cuberto

- Infantil na zona das sobreiras e en caso de chuvia na zona dos espellos do patio cuberto.
- 1ºEP-2ºEP na pista deportiva e nas mesas da área da natureza e en caso de chuvia na zona das espaleiras e na zona gris.

Será supervisado polas persoas titoras.

Saída:

Pola porta principal.

- Infantil ás 13:50h
- 1ºEP-2ºEP ás 13:55h.

Ventilación das aulas

Se o tempo atmosférico o permite as ventás estarán abertas durante toda a mañá, en caso de chuvia ou baixas temperaturas as ventás abriranse un mínimo de 10' en cada cambio de clase e permanecerán abertas durante todo o recreo.



“Grupo B” (3ºEP, 4ºEP, 5ºEP e 6ºEP)

Entrada:

Pola porta principal.

- O titor de 5ºEP-6ºEP iralles tomando a temperatura ao alumnado ao pé das escaleiras conforme vaia entrando.
- A titora de 3ºEP-4ºEP agardarao no corredor da planta alta á altura da porta da aula de 5ºEP-6ºEP e botaralles xel nas mans.
- O alumnado de 5ºEP-6ºEP entrará na súa aula e o de 3ºEP-4ºEP agardará á súa titora nas marcas de indicación da distancia de seguridade que haberá ao fondo do corredor.
- Se chove o alumnado agardará nas marcas que marcan a distancia de seguridade no chan do recibidor e do corredor da planta alta.

En caso de que algunha crianza teña febre será trasladada a aula de illamento. Cando todo alumnado teña abandonado o patio a dirección iniciará o procedemento de illamento, comunicación e rexistro do caso no Caderno COVID.

Aseos:

1ª Planta.

Recreo:

De 11:30h a 12:00h saíndo e entrando pola porta principal.

Será supervisado polas persoas titoras.

En caso de chuvia poderán utilizar o patio cuberto despois da súa hixienización ou nas súas aulas .

Saída:

Pola porta principal.

Ás 14h. Primeiro 5ºEP-6ºEP e despois 3ºEP- 4ºEP.

Ventilación das aulas:

Se o tempo atmosférico o permite as ventás estarán abertas durante toda a mañá, en caso de chuvia ou baixas temperaturas as ventás abriranse un mínimo de 10' en cada cambio de clase e permanecerán abertas durante todo o recreo.



Transporte escolar

Os ocupantes do vehículo deberán levar posta a máscara durante todo o traxecto e asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.

Recollida e entrega de alumnado

A persoa que acompañe ou veña recoller ao alumnado:

- Avisará con antelación.
- Procurará vir nun momento que non coincida cos cambios de clase ou o recreo.
- Traerá cuberto o impreso **ANEXO I**. No caso de ser unha persoa autorizada polos responsables da crianza deberá vir cuberto na súa totalidade.
- Agardará fóra do edificio escolar.

Entrevistas individuais co profesorado

As titorías coas familias desenvolveranse preferentemente vía telefónica ou telemática. En caso de considerarse imprescindible unha xuntanza presencial desenvolverase exclusivamente os martes pola tarde na aula do seu fillo/a cumprindo sempre as normas de hixiene, distancia e ventilación da sala indicadas polas autoridades sanitarias.

Canles de comunicación co centro e o profesorado

As vías de comunicación serán: o teléfono e correo electrónico do centro, as aplicacións Abalarmóbil e Cisco Webex. e a mensaxería da aula virtual.

Compromiso de realización da autoenquisa clínica diaria

Tanto o profesorado como o alumnado deberán facer a autoenquisa clínica diaria facilitada pola Consellería **ANEXO II** para comprobar que non teñen síntomas COVID. En caso de presentar algún deberán quedar na casa, comunicalo ao centro e poñerse en contacto co seu médico para ser diagnosticado/a.



ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

Labores de limpeza de espazos

Corresponde á empresa de limpeza contratada polo concello, xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que as medidas de limpeza se refire. Cada día realizarase unha quenda de limpeza de 11:15h a 12:45h pola mañá e outra pola tarde.

Creación do Equipo Covid

Que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021

Determinación do espazo de illamento COVID:

Os espazos de illamento en caso de ter síntomas acordes co COVID contarán cunha caixa de urxencias, expendedor de xel, unha papeleira de pedal, panos desbotables e máscaras e serán:

- A aula de música na planta baixa.
- A zona azul do patio cuberto.

Medidas xerais de protección individual

- O alumnado de Primaria e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a **obriga de usar máscaras** durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como unha bolsa, sobre ou estoxo específico para gardala en caso necesario. Desde o centro recomendamos unha terceira para que cada crianza teña unha de reposto sempre na aula.

Esa obriga non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

- O alumnado de infantil deberá traer máscara para utilizala no autobús e tamén durante a clase naqueles momentos que considere oportuno o seu profesorado, pois consideramos que adquirir hábitos de bo uso e limpeza forma parte dunhas aprendizaxes moi importantes nestes momentos que son coidarse un/ha mesmo/a e tamén aos demais.
- Cada sala contará cun dispensador de xel, panos desbotables e unha papeleira de pedal exclusiva para uso COVID. Así como tamén as entradas exteriores



- O centro contará cos seguintes puntos de hixienización:
- 4 nas titorías
- 3 nas entradas exteriores
- 4 nos aseos do alumnado
- 2 nos aseos do profesorado.
- 2 nos vestiarios
- 1 na biblioteca
- 1 no despacho
- 1 na aula de apoio
- 1 na aula de música.
- O alumnado de Primaria deberá traer da casa ou seu propio dispensador de hidroxel dentro dunha bolsiña de tela que terá colgada do gancho da súa mesa para telo sempre a man.
- De precisalos para o traballo cos ordenadores o alumnado deberá traer os seus propios auriculares.

Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección

Figuran no Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021

Xestión de abrochos:

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Diante dun suposto no que unha persoa comece a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual e contactarase coa familia, no caso de afectar a un/ha alumno/a.

Chamarase ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.



A persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

Momentos de ventilación, lavado e desinfección de mans e “postos de traballo”

Incluiranse no horario de aula diario ao final das actividades do día e tras a merenda, etc para crear hábitos e rutinas de hixiene.



O profesorado deberá preparar as aulas e abrir as fiestras e ventilar antes do inicio da xornada. As ventás permanecerán abertas coa posición oscilobatente permanentemente e realizaranse as ventilacións completas nos momentos que as aulas queden baleiras.

A desinfección de mans realizarase á entrada e saída das aulas ou do centro, un mínimo de 5 veces ao longo da mañá.

ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

EDUCACIÓN INFANTIL:

OBXECTIVOS:

- Identificar os elementos dun equipo informático.
- Apagar e acender o ordenador correctamente.
- Uso e manexo do rato.
- Xogar activamente nalgún programa axeitado a súa idade.
- Coñecer e traballar coa PDI.

GRUPO MIXTO 1º E 2º

OBXECTIVOS:

- Diferenciar letras e números con maiúsculas no teclado.
- Utilizar o procesador de textos e aplicar o corrector lingüístico.
- Elaboración de carpetas persoais para gardar os distintos arquivos que se traballen.
- Utilizar diversas aplicacións e xogos educativos.
- Iniciar no procesador de textos.
- Apoiar con material audiovisual o desenvolvemento de destrezas como a lectura, comprensión lectora ou cálculo entre outras.
- Afianzar aspectos temporais e espaciais.



- Favorecer a creatividade en programas de edición de imaxes e artísticos.
- Iniciarse en Internet.

GRUPO MIXTO 3º E 4º

OBXECTIVOS

- Uso do procesador de texto (fonte, tipo de letra, cadros..) para elaborar un texto con diferentes tipos de letra, cor, tamaño, etc. para a creación de textos.
- Insertar táboas.
- Crear unha carpeta para gardar documentos e distintos arquivos que se traballen.
- Uso correcto do pendrive para gardar documentos.
- Ampliar e perfeccionar os contidos didácticos con actividades informáticas.
- Iniciarse na busca de información na Internet de forma dirixida.
- Realizar actividades de resolución de problemas mediante xogos e actividades interactivas.
- Iniciarse no traballo coa PDI.
- Continuar coa aprendizaxe do funcionamento da aula virtual.

GRUPO MIXTO 5º E 6º

OBXECTIVOS:

- Uso autónomo dos equipos informáticos. Utilización do procesador de textos: word, Libre Office, Open Office, ...
- Os obxectivos a conseguir serán os seguintes:
- Abrir un documento de texto. Escribir textos, seleccionar fragmentos, cortar, pegar e copiar, as fontes, sangrías, maquetado, configuración do documento, gráficas, numeración, viñetas, etc.
- Gardar na carpeta (no ordenador ou nun pendrive).
- Imaxes: Descarga, edición, axuntala nun documento e retoque.
- Utilización de navegadores para a busca de información en Internet e análise da fiabilidade da mesma.



- Iniciación nos libros dixitais e o entorno dixital interactivo.
- Realización de actividades interactivas de reforzo, apoio e perfeccionamento dos contidos traballados na aula.
- Traballo en aplicacións específicos como Audacity, Openshot...
- Utilización correcta dos chats, foros e blogues como forma de intercambio de información.
- Riscos de Internet e redes sociais.

ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

Desenvolverase o “Programa Psicoeducativo para a Postemerxencia en Centros Educativos” elaborado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. ANEXO III



ANEXO I

REGISTRO DE ENTRADAS E SAÍDAS DO ALUMNADO

D./Dna. con DNI

Entrega

Recolle

a alumno/a do curso

ás horas do día de con motivo

de

.....

Ado.:.....

Eu con DNI

como responsable de alumno/a do

curso autorizo á persoa arriba asinante a :

Entregar á/ao miña/meu filla/o.

Recoller á/ao miña/meu filla/o.

Ado.:.....



ANEXO II

ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus a nivel particular polo que non debe ser enviada ao centro educativo.

De presentar calquera destes síntomas ou pertencer ao círculo social dalgunha persoa infectada ou que se sospeite que poida estar infectada non acuda ao centro e solicite o antes posible consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		